

# T.E.



14 de decembro de 2005

## Mesa de Negociación do convenio Colectivo

O xoves 1 de Decembro do 2005, constituíuse a Mesa onde vaise levar a cabo a negociación e a elaboración do convenio colectivo para o PDI laboral das tres Universidades Galegas. Nesta Mesa participan representantes sindicais dos sindicatos con presenza maioritaria nas Universidades (CCOO, CIG, UXT e CSIF), representantes do Goberno das tres Universidades e o Director Xeral de Universidades como representante da Xunta de Galicia.

Nesta primeira reunión o representante da Xunta explica que nesta Mesa de Negociación do Convenio Colectivo (MNCC) el só vai a ser un observador por que o que realmente interesa a Administración, e no que vai concentrar esforzos, é na constitución da Mesa Sectorial, e que a MNCC será unha consecuencia da mesma.

Tódolos los representantes dos Equipos de Goberno das Universidades Galegas reclaman maior implicación da Xunta na MNCC e instan a mesma a que coa máxima urxencia se constituía a Mesa Sectorial. Tódolos sindicatos consideran moi positiva a constitución da MNCC, cousa pola que levan anos pelexando coa Administración. A constitución da MNCC é a seguinte: 7 representantes CIG, 4 CCOO, 3 UXT e 1 CSI-CSIF. O Presidente é o VOAP da USC e a secretaria unha representante da CIG.

Como primeira iniciativa, as tres Universidades entregaron de xeito conxunto un guión de contexto de negociación ós sindicatos. O mais relevante deste primeiro documento de traballo é por un lado a consideración de PDI laboral só a aquel persoal da LRU e os do actual Decreto de Profesorado da Xunta, e por outro a consideración do contrato laboral como unha etapa no camiño da funcionarización. CCOO a este respecto acepta este posicionamento, dado que é o que está establecido no marco legalmente vixente, así como o que se prevé nas futuras modificacións normativas.

CCOO, CIG e CSI-CSIF reclamaron a inclusión específica neste futuro convenio de todo o persoal investigador sen excepción que estea na actualidade nas tres Universidades. Fronte ao posicionamento inicial da patronal e do sindicato FETE- UXT de excluílos.

A seguinte reunión de traballo será o vindeiro Xoves 15 de Decembro ás 17:00 horas.

# UNIVERSIDADE